




DIEGO CALVO POUSO, VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICA:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e oito de decembro de dous mil vinte e tres adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

"Aprobar definitivamente o Proxecto de interese autonómico para a ampliación do parque empresarial de Palas de Rei (fase III), sometido a información pública mediante anuncio do 13 de abril de 2022 (DOG núm. 86, do 4 de maio de 2022 e BOP núm. 161, do 15 de xullo de 2022), para os efectos establecidos pola Lei 1/2021, de 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia."

E para que conste, asina a presente co visto e praxe do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela a vinte e oito de decembro de dous mil vinte e tres.

Vº e Praxe: 
O PRESIDENTE


VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES



PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE INTERESE AUTONÓMICO PARA A AMPLIACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL DE PALAS DE REI (FASE III), LUGO

Asunto: PARQUE EMPRESARIAL DE PALAS DE REI (FASE III)

Promotor: XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA - XESTUR S.A.

Situación: CONCELLO DE PALAS DE REI (LUGO)

1 ANTECEDENTES

O concello de Palas de Rei conta cunhas normas subsidiarias de planeamento municipal aprobadas o 30 de novembro de 1994. En desenvolvemento de ditas normas, o "Plan parcial do parque empresarial de Palas de Rei" foi aprobado o 7 de marzo de 2002. Con data de 1 de febreiro de 2019 aprobouse a "Modificación puntual do plan parcial do parque empresarial de Palas de Rei".

O Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais de Galicia (PSOAEG), que foi aprobado definitivamente polo Consello da Xunta o 30 de abril de 2014, recolle como actuación delimitada a do "Parque Empresarial de Palas de Rei (Fase II)", cunha superficie de 22.038 m².

Con data do 29 de novembro de 2018 foi aprobado definitivamente polo Consello da Xunta de Galicia a modificación puntual nº1 do PSOAEG, no que se inclúe a ampliación do parque empresarial de Palas de Rei, incluíndo como nova actuación delimitada a do "Parque empresarial de Palas de Rei-Fase III".

O Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) inicia o 4 de maio de 2021 a tramitación do "Proxecto de interese autonómico para a ampliación do parque empresarial de Palas de Rei (fase III)", de conformidade coa Lei 1/2021, de 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia (LOT).

2 CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

O proxecto de interese autonómico ten por obxecto desenvolver a fase III da ampliación do parque empresarial de Palas de Rei, que é unha actuación delimitada no PSOAEG, onde figura cunha superficie de 42.280,56 m².

No plan realízase un lixeiro reaxuste do ámbito, pasando a ter unha superficie de 39.926,57 m². A redución da superficie é inferior ao 30% que establece o artigo 5 da normativa do



PSOATEG (modificación puntual nº1 do PSOATEG).

O ámbito está situado a uns 600 metros ao oeste do núcleo urbano de Palas de Rei e linda ao oeste coa primeira fase do parque empresarial existente. Atópase ao pé da estrada N-547, e a 3 km do acceso á autovía A-54 Lugo-Santiago de Compostela.

O acceso realizarase dende o viario do actual parque empresarial, a través da rotonda existente da primeira fase, que se conecta cun novo vial que atravesa o novo ámbito e divide a zona industrial en dúas partes (a situada ao oeste daría continuidade ás naves existentes da fase I).

Perimetralmente establécese unha zona verde, que recolle o regato existente na zona sur e crea unha barreira visual vexetal na zona norte e leste. Na parte sur destínanse dúas parcelas a equipamentos, a ambos lados do tramo inicial do viario.

O Proxecto de interese autonómico para a ampliación do parque empresarial de Palas de Rei (fase III) conta coa documentación esixida no artigo 45 da LOT.

3 MARCO NORMATIVO E TRAMITACIÓN

A tramitación deste proxecto segue o procedemento indicado na LOT. Como se trata dunha actuación incluída no PSOATEG, non será necesaria a declaración de incidencia supramunicipal que xa foi declarada polo plan.

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático emitiu o 15 de xullo de 2021 a "Resolución pola que se formula o Informe Ambiental Estratéxico do proxecto de interese autonómico para a ampliación do parque empresarial de Palas de Rei (fase III)", na que se resolve non someter o documento ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria.

De conformidade coa LOT, a modificación puntual foi aprobada inicialmente o 12 de abril de 2022 e sometida a información pública mediante anuncio do director xeral do IGVS (DOG Núm. 86 do 4 de maio de 2022 e BOP Núm. 161 do 15 de xullo de 2022).

Simultaneamente, deuse audiencia ao concello de Palas de Rei, que emitiu informe o 3 de xuño de 2022 e á deputación de Lugo, solicitada o 5 de maio de 2022, sen recibir contestación. Igualmente, notificouse individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados.

No trámite de información pública solicitáronse os informes sectoriais ás administracións públicas competentes, que foron emitidos nas seguintes datas:

- Dirección xeral de Emerxencias e Interior, 10 de maio de 2022.
- Dirección General de Telecomunicaciones y Ordenación de los Servicios de Comunicación Audiovisual do Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital, 20 de maio de 2022.
- Dirección general de Política Energética y Minas do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, 31 de maio de 2022.



- Confederación Hidrográfica Miño-Sil, favorable de 2 de xuño de 2022.
- Instituto de Estudos do Territorio, 6 de xuño de 2022.
- Delegación do Goberno en Galicia, 5 de agosto de 2022.
- Dirección xeral do Patrimonio Cultural, 13 de maio de 2022 e 31 de agosto de 2023.
- Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Economía, Empresa e Innovación, 13 de setembro de 2022.
- Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Medio Rural, 20 de setembro de 2022.
- Augas de Galicia, 22 de setembro de 2022 e informe favorable do 6 de xuño de 2023.
- Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia, 18 de agosto de 2022 e informe favorable do 11 de xullo de 2023.
- Dirección xeral de Defensa do Monté, 21 de setembro de 2023.

Á vista do resultado da información pública e dos informes remitidos, introducíronse as modificacións ou correccións oportunas na proposta e remitiuse o expediente completo á Dirección xeral de ordenación do Territorio e Urbanismo, que emitiu o seu informe preceptivo o 22 de decembro de 2023.

A Dirección Técnica do Solo, Edificación e Calidade informou favorablemente o proxecto, sendo aprobado provisionalmente por resolución do director xeral do IGVS o 22 de decembro de 2023, para os efectos establecidos na Lei 1/2021, de 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.


O 22 de decembro de 2023 a Dirección Técnica de Solo Edificación e Calidade informa que procede a aprobación definitiva do Proxecto de interese autonómico para a ampliación do parque empresarial de Paldas de Rei (fase III), para os efectos establecidos na Lei 1/2021, de 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.

4 CONCLUSIÓN

Concluída a tramitación do expediente, correspóndelle acordar a aprobación definitiva ao Consello da Xunta de Galicia, por proposta da Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

En consecuencia, acórdase elevar ao Consello da Xunta de Galicia a seguinte **PROPOSTA**:

- Aprobar definitivamente o "Proxecto de interese autonómico para a ampliación do parque empresarial de Paldas de Rei (fase III)", así como a modificación do instrumento de planeamento urbanístico, para os efectos establecidos na Lei 1/2021, de 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.



Unha vez aprobado o proxecto, haberá de inscribirse no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia. O acordo de aprobación definitiva do proxecto e as súas disposicións normativas publicaranse no Diario Oficial de Galicia e entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación.

Santiago de Compostela, data da sinatura electrónica

O director xeral do IGVS

Heriberto García Porto

Conforme,

A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Ángeles Vázquez Mejuto

